

2

26-3-2019
Facultade de
Ciencias da
Comunicación



Muller nas Estremas

**Seminario
permanente
de Comunicación
e Xénero**

Inscripción de balde

www.estudiosaudiovisuais.gal
info@estudiosaudiovisuais.gal

2

A persistencia do discurso androcéntrico nos contidos, a liña editorial e as estruturas organizacionais dos medios de comunicación actuais reflicte e perpetúa unha sociedade asimétrica e disfuncional que silencia e incapacita os posicionamentos diverxentes.

Pór fin a esta dinámica invalidante pasa pola necesaria construción de audiencias e colectividades formadas no pensamento crítico, capaces de analizar, deconstruír e mesmo comezar a revertir as representacións e estruturas sexistas presentes nos medios.

Baixo o título *Muller nas Estremas* a segunda sesión do CO(M)XÉNERO explora as fronteiras físicas, imaxinarias e culturais vencelladas ao xénero e faino o dende cinema como medio para encaralas.

Desta volta, o seminario tece colaboración coa Mostra Internacional de Cinema Etnográfico (MICE) e serve de complemento teórico e formativo á sección IMPROPIAS, cunha Carta Branca que, baixo o mesmo título, *Muller nas Estremas*, selecciona unha serie de proxeccións sobre a figura da muller como viaxeira, como migrante, como exiliada, con filmes que exploran a(s) fronteira(s) como lindes á súa mobilidade física e simbólica. As sesións da Carta Branca, programadas do 26 ao 28 de marzo en diferentes espazos de Compostela abeiran pezas de estilos e estratexias singulares e diversas, nas que se entrecruzan o experimental, o ensaístico e o observacional, a través das creacións de Ursula Biemann, Keina Espiñeira, Bouchra Khalili, Xisela Franco e Anxela Caramés.

Programa

16:30 Recepción e presentación. Margarita Ledo Andión e Marta Pérez Pereiro (Universidade de Santiago de Compostela)

16:45 Unha cámara só para ela: A construción de identidades a través do cinema

Ana Catarina Pereira. (Universidade da Beira Interior, investigadora do centro LabCom.IFP e xornalista)

18:00 Pausa

18:15 Soft monies/ Hard realities: xénero, tecnoloxía e fronteira nos vídeo-ensaios de Ursula Biemann

Elena Oroz. (Universidad Carlos III de Madrid, Centro TAI da Universidad Rey Juan Carlos, crítica cinematográfica e programadora)

19:30 Fin da sesión

Organiza



grupo de
estudos
audiovisuais



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Colabora



XORNALISTAS
GALEGAS